

Parabéns!

Novo funcionariado en prácticas

A CIG-Ensino quere felicitarte pola túa incorporación dun xeito estábel ao mundo da docencia en Galiza. Estamos á túa disposición para axudarche con todas as dúbidas que se che presenten neste curso e, como non podía ser doutro xeito como sindicato de clase e combativo que somos, para continuar defendendo os nosos dereitos laborais e sociais así como o ensino público galego

Organizarse sindicalmente. Seremos máis fortes

Organizarse sindicalmente é unha prioridade para as traballadoras e os traballadores.

Afiliarse é unha maneira de partillar as reflexións e as decisións desta organización, centrada na defensa dos intereses do persoal docente, pero tamén como o mellor mecanismo de defensa ante as agresións que sofre o ensino público e todas e todos nós como traballadoras e traballadores do sector.

O sindicato é a ferramenta que temos para facer oír a nosa voz ante as administracións e avanzar nas conquistas sociais e laborais. Por iso o mellor que podes facer é afiliarte. Canto máis grande sexa o sindicato máis forza teremos para conseguir melloras profesionais e sociais. A túa voz incorpórase, deste xeito, a este coro común que a CIG-Ensino articula como central maioritaria no ensino público galego.

A CIG-Ensino. Quen somos?

A CIG-Ensino é unha das federacións da Confederación Intersindical Galega (CIG). No ensino somos a **organización sindical maioritaria**, situación referendada nas últimas eleccións celebradas en 2022. Froito destas eleccións mantemos unha ampla representación nas Xuntas de Persoal das catro provincias galegas, e especialmente na **Mesa Sectorial Docente non Universitaria**, ámbito de debate e de negociación coa Consellaría de Educación. Tamén formamos parte da Mesa Xeral da Función Pública Galega e das Mesas de Sector de ámbito estatal, tanto na xeral das administracións públicas como na docente. Ademais, moito máis preto de ti, no teu centro de traballo, atoparás un ou unha representante da CIG-Ensino ou coñecerás algún delegado ou delegada sindical que che levará información puntualmente xa que o noso modelo sindical **-profundamente democrático** e alternativo ao doutras organizacións- baséase nunha **constante presenza nos centros de traballo**.

Día a día traballamos para manter e incrementar a nosa representación como medio

efectivo para seguir avanzando na loita por un ensino público galego e de calidade, a través dun modelo sindical combativo e participativo e no que non dependemos de ataduras nin políticas nin económicas.

Como organización sindical centramos os nosos esforzos na defensa do **Ensino Público Galego**. Defendemos un sistema educativo que teña na **normalización lingüística** un dos seus eixes fundamentais, un **ensino non sexista** que **educe para a igualdade, a solidariedade e a xustiza social**, e que **transmita os valores da paz e da defensa do medio ambiente**.


O noso traballo céntranse na reivindicación dos **dereitos profesionais e laborais do persoal docente**: o dereito á negociación colectiva que lle dea voz ao profesorado; á dignificación da profesión docente, a un sistema salarial que impida a estratificación do profesorado e que nos retribúa dignamente, á elaboración dun cadro de enfermidades profesionais e o seu recoñecemento a todos os efectos legais, a

unha formación permanente dentro do horario lectivo etc.


Pero a CIG-Ensino non só defende os dereitos profesionais e laborais das traballadoras, senón que ofrece á súa afiliación **información continua** sobre aquelas cuestións que lle poida interesar.

Consideramos a información prioritaria e imprescindible, non só para ter coñecemento do que está a acontecer no ensino en xeral, senón tamén para dar difusión ás nosas propostas e transparencia ao traballo sindical que desenvolvemos.

Representación na Mesa Sectorial Docente



CIG	CCOO	ANPE	UGT
8	4	2	1*
UGT, ao non acadar o 10% de representación, entra na Mesa pola súa condición de sindicato máis representativo a nivel xeral. De non ser así, a CIG-Ensino obtería 9 postos.			



■ VOTOS ELECCIÓN SINDICAIS 2022

Tamén ofrecemos actividades formativas relacionadas con distintas temáticas ao longo do curso, tanto presenciais como online, asesoramento xurídico e participación na organización sindical.

Para todo isto a CIG-Enseño dispón de locais nas sete cidades galegas e nas comarcas da

Mariña, O Salnés e O Morrazo. Aquí atoparás compañeiras e compañeiros docentes que che axudarán a resolver as túas dúbidas ou problemas.

Tamén no resto de locais da CIG, en diferentes vilas, poderás informarte, afiliarte ou acudir a facer calquera trámite.

Afíliate! Para sermos máis fortes



Enseño en galego. Aposta de presente e de futuro

A CIG-Enseño ten entre os seus principios o de procurar un ensino en galego, polo que propoñemos a impartición na nosa lingua das distintas materias do currículo en todas as etapas educativas como medio para dar cumprimento ao recollido no artigo 14 da Lei de Normalización Lingüística: “As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o ensino galego é obrigatorio, o alumnado coñeza este, nos seus niveis oral e escrito en igualdade co castelán”.

Para a CIG só hai unha maneira de dar cumprimento a este artigo e esta é impartir o maior número posíbel de clases na nosa lingua, de aí que te animemos a empregar o galego tanto na docencia co alumnado como no teu día a día no centro educativo, para facer visíbel o noso idioma e convertelo no que debe ser: a lingua vehicular na administración educativa, empregándoa en todos os documentos na vertente escrita e en todos os rexistros na oral.

O actual Decreto 79/2010 de “plurilingüismo” é o resultado dunha estratexia elaborada polo goberno do PP para reducir a presenza da nosa lingua no ensino e na sociedade en xeral.

A CIG-Enseño segue esixindo a retirada deste Decreto e a aplicación do recollido no Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado por unanimidade no Parlamento galego 2004. Precisamente ese Plan recomendaba a impartición

das materias científicas en galego, nomeadamente Matemáticas, de aí que desde a CIG-Enseño valoremos moi negativamente esta norma, que prohibe a impartición en galego, entre outras, de Matemáticas, Tecnoloxía ou FeQ; desterra o seu uso das etapas de infantil, primaria, FP e ensinanza de réxime especial e non facilita ter material didáctico en galego, convertendo o ensino nun dos elementos máis desgaleguizadores da sociedade.

Información útil para a fase de prácticas

A continuación detállase unha información de utilidade para quen vides de aprobar o concurso-oposición en xullo, dada a obriga de realizardes a fase de prácticas antes de ser nomeadas funcionarias de carreira o vindeiro curso 25/26. Se antes traballaches como persoal interino e tes xa consolidado algún trienio ou sexenio seguirás percibindo esa antigüidade durante o curso actual.

Ao longo do teu período de prácticas no centro recibirán unha comunicación, da que che deben dar unha copia, na cal se indican unhas breves instrucións sobre a memoria e a data de entrega, así como para nomear a túa titora ou titor. De non recibires copia deste documento ponte en contacto con nós.

Na ORDE do 14 de febreiro de 2025 (DOG do 17 de febreiro de 2025) pola que se convocou o concurso-oposición, en concreto na base vixésima, atópanse as indicacións para a realización desta fase de prácticas, que resumimos no seguinte cadro:

Inicio	O 1 de setembro para todos os corpos docentes.
Duración	Catro meses que poderán flexibilizarse atendendo a casuísticas persoais.
Titoría	Unha profesora ou profesor do mesmo corpo e, preferentemente, da mesma especialidade, designada pola comisión cualificadora da provincia.
Funcións da titoría	Asesorar, informar e avaliar o persoal docente en prácticas. Emitirá informe final para remitilo á comisión cualificadora.
Actividades de formación	Realización dun curso de formación en lingua galega de 20 horas de duración. Consistirá en formación específica sobre terminoloxía, estilo, aspectos sociolingüísticos e a linguaxe propia da especialidade, que lle permita ao persoal seleccionado desenvolver correctamente en galego as súas tarefas e funcións. Tamén formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero para a obtención do nivel básico de coñecemento regulado no <i>Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia</i> . Participación nas xornadas “formativas” de coñecemento da administración educativa galega, que a CIG ten criticado por empregalas a Xunta como medio propagandístico das súas políticas.
Informe - Memoria final	O profesorado en prácticas deberá elaborar un informe-memoria final que entregará ao remate da fase de prácticas á comisión cualificadora.
Avaliación	As prácticas serán avaliadas por unha comisión provincial constituída pola xefa ou xefe da inspección provincial, que ocupará a presidencia; dous membros da inspección educativa e dúas directoras ou directores de centros designados pola xefatura territorial. Téñense en conta os informes emitidos pola persoa titora, a dirección do centro, o persoal responsábel das actividades de formación e, se é o caso, a inspectora ou inspector responsábel do centro e o informe presentado pola propia persoa aspirante. A xefa ou xefe da Inspección, en caso de informe desfavorábel, disporá que a inspección do centro visite e avalíe na aula as aptitudes didácticas do profesorado en prácticas. Cualificaranse como apto ou non apto.
Cualificación de NON APTO	O persoal non apto poderá repetir a fase de prácticas no curso seguinte. O persoal que non se incorpore ou suspenda por segunda vez perderá todos os dereitos.

Cuestións formais da memoria

No escrito que recibirán no teu centro, do que che deben dar copia, indícanse unhas breves instrucións sobre a memoria e a data de entrega. A pesar das nosas esixencias ante a Consellaría para unificar datas e criterios, estas instrucións poden ser diferentes en cada provincia, en función do que decidan en cada comisión territorial de avaliación da fase de prácticas.

Como referencia hai que ter presente que estas instrucións non soen diferir do que a continuación che indicamos:

- A extensión máxima pode variar. Nunca foi superior aos 20 DIN A4 a unha soa cara.
- Letra Arial, sen comprimir, tamaño 12 puntos e dobre espazo interlineal.

A Consellaría e a Comisión de Valoración utilizarán a dirección do teu centro (da inspección se estás nunha unitaria) como medio para comunicarse contigo.

Guión da memoria de prácticas

O seguinte guión é de elaboración propia da CIG-Ensino, e pretende ser unha axuda para a elaboración da memoria.

Introdución.

Referencia á normativa e pequeno resumo dos distintos puntos a tratar.

1. Contextualización

1.1. Características do centro.

Situación xeográfica, demográfica, nivel sociocultural, socioeconómico e distribución do espazo físico.

1.1.1. Persoal docente e non docente. Organigrama de todo o persoal do centro (táboas).

1.1.2. Materiais e recursos.

Todo co que se conta tanto a nivel da especialidade, como das demais áreas, materias ou titorías a impartir no que se refire aos recursos e materiais didácticos.

1.2. Características alumnado.

A súa distribución por etapas, unidades, alumnado con distintas necesidades... (táboas). Características xerais do alumnado, da contorna, situación lingüística, minorías étnicas, migrantes...

1.2.1. Medidas de atención á diversidade.

2. Práctica docente e organización do traballo

Experiencia desde a primeira toma de contacto até o día de entrega da memoria tanto a nivel docente como integrante dos distintos plans, proxectos, equipos de ciclo, na titoría...

2.1. Horario e áreas a impartir.

Tipo de xornada, quendas de garda, o propio horario lectivo...

2.2. Programacións das áreas, materias ou módulos impartidos.

Ideas básicas sobre estas (número de unidades didácticas, organización, metodoloxía, contidos transversais, procedementos de avaliación...)

2.3. Actividades complementarias

2.4. Obxectivos e resultados.

En referencia aos de centro, de ciclo, de nivel e aos pedagóxicos que nos marcamos persoalmente para lograr o fin que persegue a educación.

2.5. Dificultades atopadas e solucións adoptadas.

Problemas aos que tiveras que facer fronte (comportamento, dificultades docentes...)

2.6. Apoios recibidos. Equipo directivo, equipo docente, familias, alumnado...

3. Conclusións. Reflexión da experiencia das prácticas xeral

3.1. Valoración global da actividade desenvolvida (traballo feito).

Unha vez superada a fase de prácticas serás nomeado/a persoal funcionario de carreira (sóese publicar no DOG no mes de xullo), con efectividade do 1 de setembro de 2026.

Retribucións

En materia retributiva ademais do salario percibimos trienios por ter traballado para a administración. Se traballaches para outra administración, sexa ou non educativa, tes que reclamar este recoñecemento para que cho computen e paguen. Ademais, cada seis anos percibimos un complemento de sexenios. Para poder cobralo tes que acreditar 100 horas de formación nese período. Se tes servizos como persoal interino, estes computan a efectos de cobro de sexenios, mais deberás contar con esa formación no teu expediente de Datos Persoais ou ben terás que acreditala se foi realizada noutra administración educativa diferente.

RETRIBUCIÓNS ACTUALIZADAS A XULLO DE 2025

Concepto	Grupo A2		Grupo A1	
	Mestres nivel 21	PSSFP nivel 24	PES nivel 24	Cátedras nivel 26
Salario	€1.152,97	€1.152,97	€1.333,40	€1.333,40
Complemento de destino	€569,13	€700,84	€700,84	€839,48
Complemento específico	€749,04	€749,04	€749,04	€809,14
Titoría e outras funcións docentes	€62,94	€62,94	€62,94	€62,94
Total	€2.534,08	€2.665,79	€2.846,22	€3.044,96
Trienios	€41,85	€41,85	€51,32	€51,32

IPC Galego: Representa o 0,3784%, das retribucións brutas de cada persoa perceptora

Cargos				
Tipoloxía de centro	A	B	C	D
Centros de Educación Infantil, Primaria e Educación Especial				
Dirección	€665,56	€606,26	€449,82	€343,01
X. de Estudos e Secretaría	€257,67	€244,53	€237,97	€185,46
X. Dep. de Orientación, Coordinación ENDL, CRA				€79,78
Responsábel de centros de menos de 3 unidades				€119,78
Centros de Educación Secundaria, FP e Réxime Especial				
Dirección	€803,30	€697,47	€635,17	€578,80
O complemento de dirección é o único parcialmente consolidábel en función do tempo de permanencia no cargo: 4 anos: 25%. 8 anos: 15%. 12 anos: 20%. Consolidación máxima: 60%				
Vicedirección, X. Estudos e Secretaría	€375,79	€369,28	€277,35	€244,53
X. de Departamento, Coordinacións, EPAPU e ENDL				€79,78
Complemento para Mestres/as no 1º Ciclo da ESO				€131,71
Complemento PTFP a extinguir				€152,08

Outros postos de traballo

Membro dun Equipo de Orientación Específico	€375,79
CAFI-CEFORES. Dirección	€697,47
CAFI-CEFORES. Asesoría	€375,79

Sexenios

1º Sexenio	2º Sexenio	3º Sexenio	4º Sexenio	5º Sexenio
€85,44	€109,84	€146,47	€207,47	€61,01


Pagas Extraordinarias

A paga extra componse do **salario base recortado** (Grupo A2: 840,88 € e grupo A1: 822,83 €), os **trienios recortados** (Grupo A2: 30,51 € e grupo A : 31,68€) e o **resto dos conceptos retributivos completos** (destino, específico, titoría, cargos)..

Descontos			
Concepto	Grupo A1	Grupo A2	
Pasivos*	€118,04	€92,90	Funcionariado de carreira
Muface*	€51,68	€40,68	Funcionariado de carreira
Cota obreira	Segundo base de cotización (persoal interino e funcionariado de carreira desde 2011)		
Retencións IRPF	Segundo retribucións anuais e situación persoal		


*Nas nóminas de xuño e decembro, nas que se inclúen as extras, a cota de Pasivos e MUFACE é dupla

CURSOS FORMACIÓN 2025-26



Cursos presenciais

	DATA	LUGAR	HORAS
XXXVII Semana da Educación de Pontevedra	Do 17 ao 20 de setembro	Pontevedra	20 h
Paseos Vigo. Orixes VI. Coevolución da xeosfera e biosfera	6, 13, 20 e 27 de setembro	Vigo	32 h
V Xornadas Historia. A nosa Historia facémola Nós. Castela	15 de novembro	Pontevedra	8 h
IV Xornadas de atención á diversidade	24 de xaneiro	Vigo	8 h
XXII Xornadas das Mulleres	28 de febreiro	Santiago de Compostela	8 h
XXXV Xornadas de Lingua e Literatura	18 de abril	Santiago de Compostela	8 h
XXIV Xornadas de Educación Infantil	18 de abril	Santiago de Compostela	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	27 de setembro	A Coruña	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	27 de setembro	Lugo	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	27 de setembro	Santiago de Compostela	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	27 de setembro	Pontevedra	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	27 de setembro	Ferrol	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	4 de outubro	Ourense	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	4 de outubro	Vigo	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	11 de outubro	O Morrazo	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	18 de outubro	A Mariña	8 h



Pímulas formativas (NOOC)

1º TRIMESTRE:	Novidades lexislativas para FP.
3º TRIMESTRE:	Acceso á docencia.

LIGAZÓNS PARA MATRICULARSE:

www.as-pg.gal



www.cig-ensino.gal



- Todos os cursos teñen solicitada a homologación da Consellería de Educación agás as pímulas formativas ou NOOC.
- **Aclaración sobre Competencia Dixital Docente:** segundo a Orde de formación, os cursos a distancia non poden simultanearse, excepto os cursos a distancia sobre CDD dos que se poden realizar 2 a un tempo. Se realizas 3 cursos desta programación "para certificar a competencia dixital", combinando todas as áreas (A 1, A 2, A 3, A 4, A 5 e A 6), obterás a acreditación dixital docente no nivel B2.
- **Axudas económicas para formación:** segundo o establecido na Orde de reintegros individuais, da que a convocatoria de 2025 se publicará en breve, pódense recibir axudas económicas para matrícula e desprazamentos. Se se quixesen solicitar, haberá que gardar os xustificantes de pagamento dos dous conceptos.



Cursos a distancia

1º TRIMESTRE

1ª QUENDA: DO 24 DE SETEMBRO AO 16 DE OUTUBRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A2 E A5. Atención á diversidade e IA. Creación de recursos e estratexias para un ensino inclusivo.
- Orientacións para o módulo de dixitalización aplicada ao sector produtivo.
- Castela para as aulas. Vertente literaria, política, ideolóxica e artística.

2ª QUENDA: DO 21 DE OUTUBRO AO 12 DE NOVIEMBRE

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A3 e A6. Software auxiliar e deseño de materiais para ferramentas de Polos Creativos.
- Alumnado TEA: recursos para a súa integración na aula ordinaria.
- A protección do medioambiente como recurso educativo.

3ª QUENDA: DO 18 DE NOVIEMBRE AO 11 DE DECEMBRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A1 e A4. OBS para docentes: videoleccións, Croma e directos.
- Portugués avanzado para docentes.
- Estacións de aprendizaxe en Educación Infantil.

2º TRIMESTRE

1ª QUENDA: DO 13 DE XANEIRO AO 5 DE FEBREIRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A3 e A6. Software auxiliar e deseño de materiais para ferramentas de Polos Creativos.
- Coeducar no mundo *gamer*: perspectiva de xénero na cultura dixital.
- Deseño e elaboración de unidades didácticas para FP.

2ª QUENDA: DO 10 DE FEBREIRO AO 5 DE MARZO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A2 e A5. Canva como ferramenta metodolóxica para unha docencia creativa.
- Sociolingüística aplicada en todas as aulas.
- Ler para comprender en primaria. Estratexias para comprender o mundo desde a literatura.

3ª QUENDA DO 10 DE MARZO AO 9 DE ABRIL

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A1 e A4. OBS para docentes: videoleccións, Croma e directos.
- Autora ou autor que se homenaxea no Día das Letras Galegas.
- Alumnado con xordeira e xordocegueira. Atención na aula.

3º TRIMESTRE

QUENDA ÚNICA: DO 14 DE ABRIL AO 7 DE MAIO

- Curso para certificar a competencia dixital docente B2: A2 e A5. Configuración das tecnoloxías de audio para traballar os podcast e a educación da voz. 3ª edición
- Curso para certificar a competencia dixital docente B2: A1 e A4. A práctica docente e o emprego das ferramentas intuitivas aplicadas á avaliación.
- Curso para certificar a competencia dixital docente B2: A3 e A6. Intelixencia dixital na aula: crear actividades con IA e fomentar a competencia dixital do alumnado.

Duración dos cursos a distancia: 30 horas

Mobilidade: CADP, CXT, concilias, comisións de saúde, permutas...

Tes obriga de participar no Concurso Xeral de Traslados (CXT) até obter o primeiro destino definitivo, convocado habitualmente no mes de outubro. Unha vez obtido destino definitivo deberás permanecer nel dous cursos, transcorridos os cales poderás, voluntariamente, volver concursar para obter un novo destino. Na CIG-Ensino realizamos unha publicación específica para orientarte sobre este procedemento porque ten un baremo moi diferente ao do concurso-oposición que vés de superar. Así mesmo, celebramos asembleas nos locais e asesoramos á afiliación na participación no mesmo.

Aínda que no ano de prácticas concurses con 0 puntos é moi aconsellábel que teñas toda a información sobre os os distintos apartados do baremo. Podes botarlle unha ollada na nosa web ao apartado que máis che interese segundo sexas do corpo de mestras ou doutros corpos e o CIG-Infirma do curso pasado.




Mentres non obtés destino definitivo deberás participar todos os anos no Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais (CADP), convocado ao redor do mes de xuño, o mesmo no que vés de participar este verán e cuxas normas tamén podes consultar a continuación:




Se tes crianzas, familiares a cargo ou algunha enfermidade tes a posibilidade de obter mellores destinos que che favorezan á hora da conciliación a través das comisións de servizo, xa sexan por conciliación da vida familiar e laboral ou ben por motivos de saúde, tanto propia como de persoas a cargo. Se estás nestes casos o mellor é que te poñas en contacto con nós e que consultes a información que temos na web nos apartados correspondentes.

Comisións de saúde



Comisións por conciliación



Tamén podes permutar a túa praza con outra ou outro docente, tanto de forma provisional -curso a curso- como definitiva. Neste último caso só o poderás facer desde que acades destino definitivo.

Asesoría xurídica

Ser da CIG-Ensino darache dereito a utilizar a asesoría xurídica do sindicato no caso de presentar calquera tipo de recurso para defender os teus dereitos laborais e profesionais. A asesoría xurídica da CIG é unha das máis competentes de Galiza, sendo así que os seus ditames son de total fiabilidade. Ten gañado numerosos recursos con consecuencias positivas para todo o profesorado como o dereito ao recoñecemento médico, ao cobro de trienios para o persoal interino e substituto, ao cobro e cómputo das vacacións non gozadas...

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal